

ORIENTARSE NA CIDADE

Nach dem Weg fragen/Auskunft geben (preguntar polo camiño/dar información)

O seguinte exercicio será base de un dos exames orais que quedan por facer e tamén será parte do próximo exame escrito (a modo de tradución inversa por exemplo). Partindo do plano da páxina 52 do libro de texto (dou unha orientación en galego para os que non teñan o libro na casa), temos por exemplo o seguinte diálogo:

-Entschuldigung(disculpe), wie komme ich zur U-Bahnstation?(estación de metro)

-Geh hier geradeaus. Dann gehst du die zweite Straße links , und dann die erste rechts, auf der rechten Seite ist ein Supermarkt, und auf der linken Seite , dem Supermarkt gegenüber ist die U-Bahnstation

Vocabulario

geradeaus= recto, en liña recta erst- = primeiro/a zweit- = segundo/a

rechts= á dereita links= á esquerda Seite= lado, (auf der linken Seite=ó lado esquerdo)
gegenüber=enfrente (preposición/"posposición"ou preposición posposta= nachgestellte Präposition)

dem Supermarkt gegenüber (rixo o caso dativo)=

o supermercado enfrente (enfrente ao supermercado)

Tendo en conta o diálogo anterior ,responde á seguinte petición de información, tendo en conta o plano da páxina 52 do libro de texto.

-Entschuldigung, wie komme ich zum Filmmuseum?(Traducide do galego aqueles que non teñades o libro diante a seguinte resposta:)

É moi fácil. Vai por aquí todo recto, logo torces (vais) á segunda rúa á dereita e logo á primeira á esquerda, no lado dereito hai un cine , e ao carón do cine (á esquerda) está o museo de cine.

Solución:

Das ist ganz einfach. Geh hier geradeaus, dann gehst du die zweite Straße rechts und dann die erste links, auf der rechten Seite ist ein Kino, und links neben dem Kino ist das Filmmuseum.